




Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros con programas seleccionados, conforme o disposto no artigo 13 da Resolución do 31 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2017/18, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Esta publicación abre un prazo de cinco días hábiles para realizar reclamacións ou renuncias, as cales se poderán presentar no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ademais de utilizar esta vía, solicítase que adianten unha copia escaneada destas reclamacións ou renuncias ao enderezo electrónico [programaseducativos@edu.xunta.es](mailto:programaseducativos@edu.xunta.es) ou, de non ser posible, ao fax nº 981 546 550 co obxecto de axilizar este proceso.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

O presidente da Comisión de selección,

  
Manuel Vila López

